



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 7 DE SETEMBRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D^a María Herminia Pouso Maneiro Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día sete de setembro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación.





B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	05/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura e Festexos Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Actuación de Javi Maneiro el 09/09/2017, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOTBEAT, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DOTBEAT, S.C.			
NIF/CIF:	J70285572			
Importe (IVE incluído):	3.630,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	05/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura e Festexos Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Necesidades técnicas e de produción para o concerto de Javi Maneiro el 09/09/2017, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2017		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- IGMAR SERVICIOS ACÚSTICOS, S.L. - JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ - DOTBEAT, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	IGMAR SERVICIOS ACÚSTICOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15815335			
Importe (IVE Incluído):	3.661,30 €			
Observacións:				

Nº Proposta		3	Data	04/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal-Obras Públicas Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Coordinación de seguridade e saúde durante a execución do proxecto "Obras de acondicionamento e de mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (Servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Concello de Riveira"		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- ATHENA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES, S.L. - Mª CARMEN LOUSAME LÓPEZ - MANUEL VIDAL GARCÍA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		ATHENA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES, S.L.		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	B15977622
Importe (IVE incluído):	623,15 €
Observacións/Anexo ao acordo:	A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, <u>acorda nomear a Flora Brión García</u> (Enxeñeira Industrial-nº Colexiada 2.088) coordinadora de seguridade e saúde durante a execución do proxecto "Obras de acondicionamento e de mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (Servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Concello de Riveira"

Nº Proposta		4	Data	04/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Execución da obra de muro de peche en Insuela (Palmeira) por cesión de Sofía Piferrer		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. - VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. - MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (09/08/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.			
NIF/CIF:	B15985187			
Importe (IVE incluído):	5.529,82 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	04/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Execución da obra de ampliación da liña de abastecemento no lugar de A Revolta (Castiñeiras)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (28/08/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	EXCAVACIONES NIMA, S.L.			
NIF/CIF:	B15405335			
Importe (IVE incluído):	1.887,60 €			
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	28/08/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal-Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Actualización cartográfica de 27 ha. Na zona onde pretende situarse o novo polígono industrial en Palmeira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL CANDAL REGUEIRO	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MANUEL CANDAL REGUEIRO			
NIF/CIF:	47383626S			
Importe (IVE incluído):	1.815,00 €			





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Observacións:				
Nº Proposta		7	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 6 Tm de zahorra e 2 m3 de formigón H-200, para habilitar rampla de accesibilidade na zona das Abesadas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.			
NIF/CIF:	B15025786			
Importe (IVE incluído):	236,19 €			
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 113 baldosas de pedra e outros materiais, para habilitar rampla de accesibilidade na zona das Abesadas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.			
NIF/CIF:	B15768435			
Importe (IVE incluído):	2.592,90 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais de construción para habilitar rampla de accesibilidade na zona das Abesadas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15972649			
Importe (IVE incluído):	444,38 €			
Observacións:				

Nº Proposta	10	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais de cerrallería para habilitar rampla de accesibilidade na zona das Abesadas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIGAR DE ARTES, S.L.





CONCELLO
DE
RIVERA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.		
NIF/CIF:	B15515695		
Importe (IVE Incluído):	1.476,35 €		
Observacións:			

Nº Proposta		11	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 75 tablóns de pino tratado e 350 parafusos para construción de 25 bancos		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		COMERCIAL MALLO AREA, S.L.		
NIF/CIF:	B15243918			
Importe (IVE incluído):	1.887,60 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 25 pletinas cincadas e materiais varios de cerrallería para construción de 25 bancos		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ACERNOR, S.L.U.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ACERNOR, S.L.U.			
NIF/CIF:	B94055035			
Importe (IVE incluído):	2.020,70 €			
Observacións:				

Nº Proposta		13	Data	01/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de pinturas para construción de 25 bancos		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/09/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.			
NIF/CIF:	B46069654			
Importe (IVE incluído):	286,56 €			
Observacións:				

Nº Proposta	14	Data	30/08/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura		



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

		Mª Herminia Pouso Maneiro	
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de pirotecnia co motivo da celebración das Festas da Virxe do Rosario en Olveira	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE incluído):	205,70 €		
Observacións:			

Nº Proposta		15	Data	04/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de vestiario para alumnado e monitores do Obradoiro de Emprego Tahume IV		
Nº orzamentos aportados	5	Provedores	- TRIÑANES E HIJOS SUMINISTROS INDUSTRIALES, S.L. - DOSTEX, S.L. - FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - YOLANDA PAZ LIJÓ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	TRIÑANES E HIJOS SUMINISTROS INDUSTRIALES, S.L.			
NIF/CIF:	B15707789			
Importe (IVE incluído):	2.659,87 €			
Observacións:				

Nº Proposta		16	Data	04/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Impartición de curso PRL para alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego Tahume IV		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CUALTIS, S.L.U.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	CUALTIS, S.L.U.			
NIF/CIF:	B84527977			
Importe (IVE incluído):	999,46 €			
Observacións:				

Nº Proposta	17	Data	04/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de furgoneta Fiat Scudo para o Obradoiro de Emprego Tahume IV (Período setembro-decembro 2017)		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- AUTOS BREA, S.L. - NORTHGATE



				-	ALVAP
Informe:					
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.					
Denominación:	AUTOS BREA, S.L.				
NIF/CIF:	B15015985				
Importe (IVE incluído):	2.904,00 €				
Observacións:	O aluguer de furgoneta Fiat Scudo para o transporte do alumnado durante todo o período de funcionamento do Obradoiro de Emprego Tahume IV (9 meses – 2017/2018) é por un importe total de 6.534,00 € , I.V.E. incluído				

APROBACIÓN DO SERVIZO DE BONO BUS ESTUDANTES (CURSO ACADÉMICO 2017-2018).

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 04/09/2017, na que solicita a aprobación da continuidade do servizo de Bono Bus para estudantes mantendo os convenios asinados coas distintas empresas que veñen prestando este servizo e, así mesmo, a aprobación de modelos e requisitos de solicitudes e renovación, e a autorización de gasto para a porcentaxe financiada polo concello.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Prestar a súa aprobación á citada proposta segundo os seus termos, e dando continuidade do servizo de Bono Bus Estudantes mantendo os convenios asinados coas distintas empresas que veñen prestando este servizo, aportando os usuarios un 50%, 60%, 25% do custo das viaxes en función do número dos mesmos e asumindo o Concello os seguintes custos que se especifican, mentres que as empresas asumen a diferenza en cada caso, según o seguinte cadro:

EMPRESA	VIAXES	PORCENTAXE USUARIO	PORCENTAXE CONCELLO	PORCENTAXE EMPRESA
ARRIVA NOROESTE, S.L.	20	50%	25%	25%
	10	60%	25%	15%
	60	25%	25%	50%
CASTROMIL, S.A.	20	50%	20%	30%
FREIRE, S.L.	20	50%	35%	15%

- b) Autorizar o gasto para a porcentaxe financiada polo concello e que se estima en 18.000,00 €/curso académico 2017-2018
- c) Aprobar os modelos de solicitude dos bonos, así como os requisitos de solicitude e renovación dos mesmos.





APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Comercio e Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión**, de data 05/09/2017, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XX Festa do Percebe de Aguiño 2017”**, co obxectivo de poñer en valor este crustáceo á vez que se dinamiza e impulsa a economía local e o turismo, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á **Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño** a cantidade de 12.000,00 € en concepto de subvención.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** o borrador do **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XX Festa do Percebe de Aguiño 2017”**, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á **Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño** a cantidade de 12.000,00 € en concepto de subvención.

ACHEGA CONCEDIDA Á REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Visto o escrito presentado por Narciso Fernández Santos en representación da **Asociación Cultural “R. e I. Cofradía da Dorna”**, de data 30/08/2017 (Rexistro de entrada nº 20170014036), no que achega documentación para a xustificación de pagamento de subvención en virtude ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Real e Ilustre Cofradía da Dorna para a organización da LXIX Singladura das Festas da Dorna, asinado en data 20/07/2017.

Visto o informe de Intervención favorable (Asunto: Aprobación de xustificación concedida mediante convenio coa Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna) emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/09/2017.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Real e Ilustre Cofradía da Dorna para a organización da LXIX Singladura das Festas da Dorna, asinado en data 20/07/2017, resultando o seu importe: 27.000,00 €





PAGO DE SANCIÓN RELATIVA A EXPEDIENTE PSC-RI-0031/2015-COP DA CONSELLERÍA DO MAR

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do pago da sanción imposta pola Consellería do Mar (Expte. PSC-RI-0031/2015-COP), polo importe total de 1.503,00 € (Documento de pago – Nº xustificante 7071700542182 – Modelo 707 – Axencia Tributaria de Galicia – Consellería de Facenda)

EXPEDIENTES DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

1.- Visto o informe emitido polo **Animador Deportivo, Javier Sampedro Sampedro**, de data 28/08/2017, no que informa dun erro do Departamento de Deportes ao non tramitarse correctamente a baixa na Escola Deportiva de Verán de “Surf” de dous nenos (Uxía e Iago Muñiz Lado) solicitada por M^a Dolores Lado Rivadulla, polo que no que solicita a devolución do importe cobrado (80,00 €)

Visto o informe de Intervención favorable (Asunto: Informe de devolución de ingresos – Expediente: Solicitud devolución prezo público Escola Deportiva de Verán) emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/09/2017.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á devolución do prezo público pola prestación do Servizo de Escola Deportiva de Verán polo importe de 80,00 €.

2.- Visto o escrito presentado por **Juan José Lustres Brión**, de data 23/08/2017 (Rexistro de entrada nº 13.732), no que comunica a baixa de Xurxo Lustres Sixto no 1º curso do grao elemental – gaita no Conservatorio Profesional de Música, e solicita a devolución do primeiro prazo de matrícula (199,83 €)

Visto o informe emitido polo Secretario do Conservatorio Profesional de Música, José Fungueiriño Ramos, de data 04/09/2017.

Visto o informe de Intervención desfavorable (Asunto: Informe de devolución de ingresos – Expediente: Solicitud devolución da taxa por matrícula no conservatorio) emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/09/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a solicitude presentada por Juan José Lustres Brión de devolución de taxa pola prestación do servizo do Conservatorio Profesional de Música de Riveira por non concorrer as circunstancias previstas no artigo 26.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais:





“Cuando por causas no imputables al sujeto pasivo, el servicio público, la actividad administrativa o el derecho a la utilización o aprovechamiento del dominio público no se preste o desarrolle, procederá la devolución del importe correspondiente”

Polo tanto, para que proceda a devolución da taxa teñen que concorrer dúas circunstancias:

1. Que a actividade administrativa obxecto da taxa non se preste
2. Que esta non prestación sexa por causas non imputables ao suxeito pasivo

Neste caso concreto, a actividade administrativa obxecto da taxa consistía na asistencia ao primeiro grao elemental do Conservatorio Municipal. O fillo do solicitante non comezou o curso debido á súa negativa.

Polo tanto, a actividade administrativa non se realizou no referente ao solicitante, pero foi debido a unha causa imputable ao suxeito pasivo, a negativa a acudir ás clases, polo que non se cumpre un dos requisitos para a devolución da taxa, non procedendo a mesma

III.- CONTRATACIÓN.

1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE DAS OFICINAS MUNICIPAIS (SERVIZOS ECONÓMICOS) DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CONSISTORIAL DO MUNICIPIO DE RIVEIRA”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de **“Acondicionamento e mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Municipio de Riveira”**, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en febreiro de 2017, cun orzamento total de licitación de 92.943,40 euros (orzamento base: 76.812,73 euros; IVE 21%: 16.130,67 euros).

A actuación está financiada con fondos da Unión Europea (Fondos Feader), do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo resolución do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, ditada ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (publicada no Diario Oficial de Galicia nº 14, da data 20/01/2017), cuxa notificación tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 11/07/2017, co número 11.905.





Tendo en conta o prazo de que dispón o Concello para xustificar o investimento da subvención concedida, as obras deberán estar rematadas antes do 17 de outubro de 2017.

O proxecto, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en febreiro de 2017, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 27/07/2017.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de adxudicación (prezo e prazo de execución), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.62201, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa citada sesión de data 27/07/2017.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, segundo escritos da alcaldía da data 28/07/2018, que se rexistraron de saída o día 31, cos números que se indican en cada caso, e que se notificaron por medio de correo electrónico na data 01/08/2017, concedéndose un prazo de 8 días naturais para a presentación das ofertas:

- 1) "Florida Galicia, S.L.": rexistro de saída número 4670.
- 2) "Construcciones Anspal, S.L.": rexistro de saída número 4671.
- 3) "Alberto Perez Sampredo": rexistro de saída número 4672.
- 4) "Excavaciones Nima, S.L.": rexistro de saída número 4673.
- 5) "Construcciones Oñial, S.L.": rexistro de saída número 4674.
- 6) "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.": rexistro de saída número 4675.
- 7) "Domínguez Arias e Hijos, S.L.": rexistro de saída número 4676.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 11/08/2017, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

- 1) "Construcciones Anspal, S.L.".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/08/2017, co número 13.085.
- 2) "Florida Galicia, S.L.".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/08/2017, co número 13.098.
- 3) "Alberto Perez Sampredo".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 08/08/2017, co número 13.167.
- 4) "Excavaciones Nima, S.L.".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data





09/08/2017, co número 13.241.

5) "Domínguez Arias e Hijos, S.L.".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/08/2017, co número 13.270.

6) "Construcciones Oñial, S.L.".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/08/2017, co número 13.312.

7) "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.".- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/08/2017, co número 13.314.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 14/08/2017, na que, despois de analizada a documentación aportada por cada licitador, acordou:

Primeiro.- EXCLUÍR desta licitación ás empresas que se relacionan a continuación, por ter presentado as súas respectiva ofertas fóra de prazo:

1) "Construcciones Oñial, S.L."

2) "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L."

Segundo.- DECLARAR ADMITIDAS a esta licitación ás empresas que se relacionan a continuación, por considerar que a documentación achegada por cada unha delas é correcta:

1) "Construcciones Anspal, S.L."

2) "Florida Galicia, S.L."

3) "Alberto Perez Sampedro".

4) "Excavaciones Nima, S.L."

5) "Domínguez Arias e Hijos, S.L."

O acto público da apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas e de redución do prazo de execución (fase 1ª), realizouse pola Mesa de Contratación na súa mesma reunión da data 14/08/2017, co seguinte resultado:

Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Prazo de execución ofertado
Construcciones Anspal, S.L.	70.400,00 euros	40 días
Florida Galicia, S.L.	69.131,45 euros	35 días
Alberto Perez Sampedro	70.000,00 euros	60 días
Excavaciones Nima, S.L.	71.215,29 euros	90 días
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	59.802,34 euros	25 días

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 14/08/2017, que foron rexistrados de saída na data 16/08/2017.

A apertura das segundas ofertas (fase de negociación) presentadas por cada





un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 23/08/2017, co seguinte resultado:

Licitador	2ª Oferta económica (fase de negociación)	Prazo de execución ofertado
	Valor estimado (sen IVE)	
Construcciones Anspal, S.L.	70.400,00 euros (mantén a súa oferta)	40 días (mantén a súa oferta)
Florida Galicia, S.L.	67.979,26 euros	35 días
Alberto Perez Sampedro	58.377,67 euros	28 días
Excavaciones Nima, S.L.	69.235,30 euros	75 días
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	59.802,34 euros (mantén a súa oferta)	25 días (mantén a súa oferta)

Visto o resultado anterior, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 23/08/2017, procedeu a realizar o cálculo da puntuación obtida por cada licitador, en aplicación dos criterios de adxudicación fixados na cláusula 15.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta contratación, dando o resultado seguinte:

LICITADOR	PUNTUACIÓNS PREZO	PUNTUACIÓNS POLA REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN
Construcciones Anspal, S.L.	41,46	31,25
Florida Galicia, S.L.	42,94	35,71
Alberto Perez Sampedro	50,00	44,64
Excavaciones Nima, S.L.	42,16	16,67
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	48,81	50,00

Á vista da proposta realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 23/08/2017, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 24/08/2017, en relación con este expediente, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- EXCLUÍR desta licitación ás empresas que se relacionan a continuación, por ter presentado as súas respectivas ofertas fóra de prazo:

- 1) "Construcciones Oñial, S.L."
- 2) "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L."

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "Acondicionamento e mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Municipio de Riveira", do seguinte xeito:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓNS		
		PREZO	PRAZO DE EXECUCIÓN	TOTAL FINAL



1º	Domínguez Arias e Hijos, S.L.	48,81	50,00	98,81
2º	Alberto Perez Sampedro	50,00	44,64	94,64
3º	Florida Galicia, S.L.	42,94	35,71	78,65
4º	Construcciones Anspal, S.L.	41,46	31,25	72,71
5º	Excavaciones Nima, S.L.	42,16	16,67	58,83

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Domínguez Arias e Hijos, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 25/08/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa “Domínguez Arias e Hijos, S.L.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 04/09/2017 cos números 201700014230 e 201700014236. Entre a documentación inclúese unha fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 04/09/2017 (nº operación: 2017 33006548), polo aval de Abanca (Rexistro Especial de Avais nº 362450), por importe de 2.990,12 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato.

Vista a proposta realizada pola Mesa de Contratación na reunión da data 06/09/2017, unha vez que considerou suficiente e conforme a documentación presentada.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 06/09/2017.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**





PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- **EXCLUÍR** desta licitación ás empresas que se relacionan a continuación, por ter presentado as súas respectivas ofertas fóra de prazo:

- 1) "Construcciones Oñal, S.L."
- 2) "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L."

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 24/08/2017, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de "Acondicionamento e mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Municipio de Riveira" á empresa "Domínguez Arias e Hijos, S.L." (NIF número B15496235), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 72.360,83 euros** (Base: 59.802,34 euros; IVE 21%: 12.558,49 euros).

b) **Prazo de execución: 25 días.** En todo caso, tal e como consta no Prego de cláusulas administrativas particulares e na invitación que se remitiu á empresa para presentar a oferta, tendo en conta o prazo de que dispón o Concello para xustificar o investimento da subvención concedida, **as obras deberán estar rematadas antes do 17 de outubro de 2017.**

CUARTO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ao adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior aos 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

QUINTO.- Designar como Director das obras ao arquitecto municipal **Alberto Iglesias Fungueiriño.**

SEXTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".





2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE Ó MIRADOR “PEDRA DA RÁ” E Ó “CASTRO DA CIDADE” DESDE A CP-7301.

Debido a que dous dos lugares de maior interese paisaxístico do Concello, como son o *Mirador Pedra da Rá* e o *Castro da Cidade*, ós que se accede pola mesma estrada, esta na non dispón actualidade de beirarrúas, circulando os peóns pola calzada ou polo lateral da mesma que non está debidamente acondicionado, faise necesario construír unha beirarrúa que mellore a seguridade viaria da zona e permita un acceso adecuado a todos os queiran visitar o dito entorno.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data febreiro/2017, redactou o proxecto dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 49.999,92 euros (Base: 41.322,25 euros; IVE 21%: 8.677,67 euros), e un prazo de execución de 2 meses.

Para realizar o investimento concedeuse unha subvención ó abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016, de Turismo de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, segundo Resolución definitiva da directora de Turismo de Galicia, da data 27/07/2017, rexistrado de entrada na data 07/08/2017, co número 12962 (expediente: TU 501A 2017-041/1).

Consta no expediente:

- 1) Autorización para a realizar os traballos, asinada polo presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Carreira, Juan Francisco Ramallo Dorca, da data 15/02/2017.
- 2) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 17/02/2017, no que fai constar que as actuacións vanse realizar, por unha banda, en terreos de uso público que pertencen á rede viaria municipal, e pola outra, pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Carreira, para o cal se conta cunha autorización da CMVMC de Carreira para realizar as actuacións recollidas no citado proxecto.
- 3) Certificado asinado polo secretario xeral Juan Manuel Salguero de Valle na data 17/02/2017, no que fai constar que as actuacións vanse realizar, por unha banda, en terreos de uso público que pertencen á rede viaria municipal e pola outra, pertencentes a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Carreira, para o cal se conta cunha autorización da CMVMC de Carreira para realizar as actuacións recollidas no citado proxecto.
- 4) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 06/09/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito





clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural.

- 5) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 06/09/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 6) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 06/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).


Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:





Licitador	Orzamento		Prezo total (incluído IVE 21%)
	Data	Número	
Vías y Servicios Generales, S.L.	20/02/2017	15	37.502,63 euros
Tarrío y Suárez, S.L	20/02/2017	39/2017	42.243,15 euros
Nemesio Ordoñez, S.A	20/02/2017	4292	49.999,92 euros

Vista a proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 04/09/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobar o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2017, para as obras de **Mellora da accesibilidade ó Mirador Pedra da Rá e ó Castro da Cidade desde a CP-7301**, por un prezo total de licitación de 49.999,92 euros (Base: 41.322,25 euros; IVE 21%: 8.677,67 euros), e un prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

CUARTO- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Mellora da accesibilidade ó Mirador Pedra da Rá e ó Castro da Cidade desde a CP-7301** á empresa "Vías y Servicios Generales, S.L" (NIF B15.555.923), no prezo total do contrato de 37.502,63 euros (Base: 30.993,91 euros; IVE 21%: 6.508,72 euros), segundo o seu orzamento número 15, da data 20/02/2017.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.





V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Vistos os escritos presentados por **Pablo Ayaso Sainz**, de datas 22/06/2016 e 16/12/2016 (Rexistros de entrada nº 9.678 e 16.311), nos que solicita licenza de obras ampliación de vivenda unifamiliar, sita no lugar de Insuela s/n, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007011350000KE, 15074A00700810000KH E 15074A007011630000KD.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 25/04/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Pablo Ayaso Sainz **LICENZA DE OBRAS (Nº 48/17)** para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** no lugar de Insuela nº 54, Bloque A, Palmeira, Riveira, en parcela resultante da copia simple de agrupación das fincas coas refªs catastrais 15074A007011350000KE, 15074A00700810000KH e 15074A007011630000KD outorgado ante o notario Sr. Santiago Botas Ramosna data 11 de agosto de 2017, nos termos do Proxecto Básico modificado de marzo de 2017 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos**.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.





Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*





propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Agustín Cadillo Pérez**, de data 04/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.197), no que solicita certificación de motivos polos que non se lle concede licenza de obras para acondicionamento de local destinado á venda polo maior de peixe en Rúa Canarias, nº 4, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

En relación coa anterior solicitude de certificación urbanística cómpre sinalar que o local para o que o Sr. Agustín Cadillo Pérez solicitou licenza de obra de acondicionamento para destinalo a unha pescadería, situase nun edificio de vivendas composto de planta soto para garaxe e rochos, planta baixa para portal e local, entreplanta e plantas 1ª, 2ª e 3ª contando con 10 vivendas en total, sito na Rúa Canarias, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0618404NH0101N0001AEF, construído ao amparo da licenza de obras nº 106/12, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 16 de maio de 2012, sendo o seu promotor o Sr. Manuel Sieira Sampedro.

Por último infórmase que o motivo polo ao Sr. Agustín Cadillo Pérez non se lle concedeu a licenza de obra solicitada na data 12 de abril de 2017, (Rexistro de entrada nº 6.154), é que o edificio a data de emisión do presente informe non obtivo a preceptiva licenza de primeira ocupación para poder ser habitado ou para exercer actividade algunha, **por causa non imputable ao administrado, Sr. Agustín Cadillo Pérez.**





2.- Visto o escrito presentado por **Juan Romay Bretal**, de data 27/06/2017 (Rexistro de entrada nº 12.652), no que solicita certificación de carácter rústico de parcelas sitas en Olveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 31/08/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencias catastrais Nº: 15074A047001570000KP, 15074A902003740000UD e 15074A90200000970000UH

Solicítase informe sobre si as fincas arriba indicadas están incluídas dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2006)

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a primeira finca está clasificada como Solo Rústico de Protección Forestal e as seguintes como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, polo que se pode afirmar que cumpren o citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS – ELISEO PAMPÍN RAMALLO.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SITUACIÓN: Rúa Sidreiras nº 13, Riveira.


REFª CATASTRAL: 0827401NH0102N0001ZI.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 0827401NH0102N0001ZI, que de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.018,00 m² que linda: Norte rúa sidreiras; Sur camiño público; Este finca con refª catastral 0827402NH0102N0001UI; Oeste finca con refª catastral nº 15074A006001120000KF.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A cunha superficie bruta de 636,00 m², unha superficie de cesión de 67,00 m² resultando unha unha superficie neta de 569,00 m², que linda: Norte rúa sidreiras; Sur camiño público; Este finca con refª catastral 0827402NH0102N0001UI; Oeste finca B resultante da segregación.

FINCA B cunha superficie bruta de 382,00 m², unha superficie de cesión de 54,00 m² resultando unha unha superficie neta de 328,00 m², que linda: Norte rúa sidreiras; Sur





camiño público; Este finca A resultante da segregación; Oeste finca con refª catastral nº 15074A006001120000KF.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 121,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A unha superficie de cesión de 67,00 m², e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 54,00 m².

PROMOTOR/A: Sr. Eliseo Pampín Ramallo.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Sr. Eliseo Pampín Ramallo, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 31 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.794), licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 0827401NH0102N0001ZI, sita na Rúa Sidreiras nº 13, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), así como Escritura de propiedade.

Segundo.- No caso que nos ocupa o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño analiza en sentido favorable o axuste da segregación pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal, ademais, considerando que na Finca A, levántase unha vivenda unifamiliar de dúas plantas e un cobertizo, constátase que ao respetarse a ocupación e edificabilidade máximas posibles correspondentes ao tipo de solo no que se encadra, cúmplase a relación entre superficie de parcela e superficie edificable, polo emite informe favorable na data 4 de agosto de 2017 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE PARCELA EDIFICADA EN DÚAS NOVAS PARCELAS E SITA NA RÚA SIDREIRAS Nº 13, RIVEIRA.

SOLICITANTE: ELISEO PAMPIN RAMALLO

ENTRADA Nº: 12794

INFORME:

■ OBXECTO DA PRESENTE SOLICITUDE

Vista a solicitude de licenza municipal, o proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Domingo Vidal Álvarez, en relación co asunto arriba referido, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) vixentes, cómpre informar o seguinte:

A solicitude presentada pretende a segregación dunha finca, sita na rúa Sidreiras nº 13 (Riveira), en dúas novas parcelas. A parcela a segregar ten a seguinte referencia catastral: 0827401NH0102N0001ZI e cunha superficie de





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

1.018 m². Sobre a parcela aséntase unha vivenda unifamiliar de dúas plantas e un cobertizo, computando aos efectos de edificabilidade: 269 m².

A parcela obxecto do presente expediente de segregación aséntase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano e séndolle de aplicación a ordenanza 6.2 do PXOM: "Residencial extensiva colectiva en hileras". A parcela mínima é de 200 m² e a fronte mínima de 10 m. A edificabilidade máxima permitida é de 1,25 m²/m² e a ocupación máxima do 50% da parcela neta.

Faise constar que as parcelacións urbanísticas e segregacións, ademais de axustarse ó planeamento municipal vixente, están suxeitas ó contido nos artigos 148 a 150 da Lei 2/2016 do solo de Galicia. E de acordo coa disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 (planeamentos non adaptados), seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento municipal vixente.

A realidade do predio descrito tómase como válida ós efectos de tramitar a presente segregación, e tamén de acordo coas escrituras aportadas.

■ CONDICIÓNS XERAIS PARA AS PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS.

De conformidade co establecido no artigo 93 do RD 3288/1978 do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística e o 204 e seguintes da Lei 2/2016 do solo de Galicia, a parcelación ou segregación, constitúese como instrumento para determinar a parcela mínima edificable, fixándose a prohibición de obter e adjudicarse como fincas independentes superficies que non cumpran este requisito e non reúnan a configuración e características adecuadas para súa edificación conforme ao planeamento.

(PARCELA MATRIZ):

- .-Referencia catastral: 0827401NH0102N0001ZI
- .- Superficie: 1.018 m²
- .- Clasificación urbanística: solo urbano. Ordenanza: 6.2 PXOM.

Lindes:

Norte: Rua Sidreiras.
Sur: Camiño público.
Leste: Finca 0827402NH0102N0001UI
Oeste: Finca 15074A006001120000KF.

.- Sobre a parcela aséntase unha vivenda unifamiliar de dúas plantas e un cobertizo, computando aos efectos de edificabilidade: 269 m²

NOTA: Consta inscrita no Rexistro da Propiedade.

.- Datos rexistrals: Tomo 1108, libro 292, Folio 220, Finca 24893, 1ª inscrición.

PARCELAS RESULTANTES:

A partires da parcela matriz definida no apartado anterior, realízase unha segregación da mesma, quedando como resultado dúas parcelas, tale como se describen na documentación gráfica aportada.

.- PARCELA A.

- .- Superficie neta: 569 m²
- .- Clasificación urbanística: solo urbano. Ordenanza: 6.2 PXOM.

Norte: Rua Sidreiras.
Sur: Camiño público.
Leste: Finca 0827402NH0102N0001UI
Oeste: Finca segregada, parcela B.


.- Sobre a parcela aséntase unha vivenda unifamiliar de dúas plantas e un cobertizo, computando aos efectos de edificabilidade: 269 m²

.- Superficie de cesión: 67 m².

.- PARCELA B.

- .- Superficie neta: 328 m²
- .- Clasificación urbanística: solo urbano. Ordenanza: 6.2 PXOM.

Norte: Rua Sidreiras.
Sur: Camiño público.
Leste: A outra finca segregada, parcela A.





Oeste: Finca 15074A006001120000KF.

Superficie de cesión: 54 m2.

- Superficie total de cesión das dúas parcelas segregadas: 121,00 m2.

CONCLUSIÓN:

Considérase que a parcelación proposta cumpre co disposto na lexislación urbanística vixente, así como cos parámetros urbanísticos fixados no planeamento municipal, polo que se informa **FAVORABLEMENTE** a solicitude ós efectos oportunos.

Riveira, 4 de agosto de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)

„

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

Segundo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470, así como Escritura de propiedade.





Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Quinto.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Sexto.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.


En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que





se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

Sétimo.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Oitavo.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).





Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

Noveno.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).


5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).





c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicarase o disposto na lexislación estatal vixente.

Décimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.


Decimoprimeiro.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dla Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

Decimosegundo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 4 de agosto de 201, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/08/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Eliseo Pampín Ramallo a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 6/17)** con refª catastral nº 0827401NH0102N0001ZI, sita na Rúa Sidreiras nº 13, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470):

- **FINCA A** cunha superficie bruta de 636,00 m², unha superficie de cesión de 67,00 m² resultando unha unha superficie neta de 569,00 m², que linda: Norte rúa sidreiras; Sur camiño público; Este finca con refª catastral 0827402NH0102N0001UI; Oeste finca B resultante da segregación.
- **FINCA B** cunha superficie bruta de 382,00 m², unha superficie de cesión de 54,00 m² resultando unha unha superficie neta de 328,00 m², que linda: Norte rúa sidreiras; Sur camiño público; Este finca A resultante da segregación; Oeste finca con refª catastral nº 15074A006001120000KF.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que





segundo a arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 121,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A unha superficie de cesión de 67,00 m², e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 54,00 m².

Segundo.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 121,00 m², resultando na franxa sita na Finca A unha superficie de cesión de 67,00 m², e no lindeiro da Finca B unha superficie de cesión de 54,00 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- ACORDO DE CORRECCIÓN DE ERROS - CORRECCIÓN DA SUPERFICIE DE CESIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS Nº 10/16:

A instancia do secretario ponse de manifesto que no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15 de decembro de 2016,

ONDE DÍ:

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DA SUPERFICIE DE CESIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS Nº 10/16 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 27 DE OUTUBRO DE 2016.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.

SITUACIÓN: "Nespereira", lugar de Reiriz, Olveira, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A045008050000KB.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 15074A045008050000KB, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 1.555,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.600,00 m² que linda: Norte camiño público; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ) de 834,00 m² que linda: Norte camiño público; Sur finca B resultante da segregación; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

FINCA B de 712,00 m² que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

PROMOTOR/A: Genaro Cadaval González.

AUTOR/A PROXECTO: Domingo J. Vidal Álvarez.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Genaro Cadaval González, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 16.6.16, (Rexistro de entrada nº 7.755), licenza de segregación de parcela denominada "Nespereira", con refª catastral nº 15074A045008050000KB, sita no lugar de Reiriz, Olveira, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de outubro de 2016 acordou por unanimidade:





(...)

Primeiro.- CONCEDER a Genaro Cadaval González a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA** con refª catstral nº 15074A045008050000KB denominada “Nespereira” sita no lugar de Reiriz, Olveira, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ)** de 834,00 m² que linda: Norte camiño público; Sur finca B resultante da segregación; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.
- **FINCA B** de 712,00 m² que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

Segundo.- Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o Arquitecto Municipal superficie de cesión en total de 54,00 m² na franxa sita ao longo do vial, que comprende da **Parcela A superficie de 23,70 m² e da **Parcela B** superficie de 30,30 m².**

Asimismo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

(...)


“

3.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 30 de novembro de 2016 emite informe en relación á superficie de cesión onde corrixe a cesión establecida polo técnico redactor do proxecto, resultando a **SUPERFICIE DE CESIÓN EN TOTAL É DE 118,05 m²**, dos que resulta na franxa sita no lindeiro norte ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA A de 87,75 m²**, e na franxa sita no lindeiro sur ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA B de 30,30 m²**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

Segundo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se





entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Quinto.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Sexto.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.





En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.


Sétimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Oitavo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o erro na documentación aportada polo técnico redactor do proxecto e visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, na data 30 de novembro de 2016 no que respecta á superficie de cesión da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 01/12/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- MODIFICAR a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS Nº 10/16 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de outubro de 2016 a Genaro Cadaval González con refª catstral nº 15074A045008050000KB denominada "Nespereira" sita no lugar de Reiriz, Oliveira, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ) de 834,00 m²** que linda: Norte camiño público; Sur finca B resultante da segregación; Este finca





propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

- *FINCA B de 712,00 m² que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.*

Segundo.- Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento:

- *Segundo a Enxeñeira Municipal a **SUPERFICIE DE CESIÓN EN TOTAL É DE 118,05 m²**, dos que resulta na franxa sita no lindeiro norte ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA A de 87,75 m²**, e na franxa sita no lindeiro sur ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA B de 30,30 m²**.*
- *Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.*

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



DEBE DICIR:

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.



RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DA SUPERFICIE DE CESIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS Nº 10/16 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 27 DE OUTUBRO DE 2016.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.

SITUACIÓN: "Nespereira", lugar de Reiriz, Olveira, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A045008050000KB.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 15074A045008050000KB, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 1.555,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.600,00 m² que linda: Norte camiño público; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ) de 834,00 m² que linda: Norte camiño público; Sur finca B resultante da segregación; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

FINCA B de 712,00 m² que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

PROMOTOR/A: Genaro Cadaval González.

AUTOR/A PROXECTO: Domingo J. Vidal Álvarez.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Genaro Cadaval González, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 16.6.16, (Rexistro de entrada nº 7.755), licenza de segregación de parcela denominada "Nespereira", con refª catastral nº 15074A045008050000KB, sita no lugar de Reiriz, Olveira, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez.


2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de outubro de 2016 acordou por unanimidade:

"

(...)

Primeiro.- CONCEDER a Genaro Cadaval González a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA con refª catstral nº 15074A045008050000KB denominada "Nespereira" sita no lugar de Reiriz, Olveira, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ) de 834,00 m² que linda: Norte camiño público; Sur finca B resultante da segregación; Este finca propiedade de**





María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.

- *FINCA B de 712,00 m² que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.*

Segundo.- Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, segundo o Arquitecto Municipal superficie de cesión en total de 54,00 m² na franxa sita ao longo do vial, que comprende da **Parcela A** superficie de 23,70 m² e da **Parcela B** superficie de 30,30 m².

Asimismo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

(...)

“

3.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 30 de novembro de 2016 emite informe en relación á superficie de cesión onde corrixe a cesión establecida polo técnico redactor do proxecto, resultando a **SUPERFICIE DE CESIÓN EN TOTAL É DE 118,05 m²**, dos que resulta na franxa sita no lindeiro norte ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA A de 87,75 m²**, e na franxa sita no lindeiro sur ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA B de 30,30 m²**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

Segundo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.





As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Quinto.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Sexto.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.


Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será





innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- d) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- e) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- f) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

Sétimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Oitavo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o erro na documentación aportada polo técnico redactor do proxecto e visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, na data 30 de novembro de 2016 no que respecta á superficie de cesión da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 01/12/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- MODIFICAR a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS Nº 10/16 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de outubro de 2016 a Genaro Cadaval González con refª catstral nº 15074A045008050000KB denominada "Nespereira" sita no lugar de Reiriz, Oliveira, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ) de 769,95 m²** que linda: Norte camiño público; Sur finca B resultante da segregación; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.
- **FINCA B de 712,00 m²** que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño público; Este finca propiedade de María Nieves González Martín con refª catastral nº 15074A45007080000KB; Oeste finca propiedade de Adelina Sanlés Sanlés con refª catastral nº 15074A45007070000KA.





Segundo.- Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento:

- Segundo a Enxeñeira Municipal a **SUPERFICIE DE CESIÓN EN TOTAL É DE 118,05 m²**, dos que resulta na franxa sita no lindeiro norte ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA A de 87,75 m²**, e na franxa sita no lindeiro sur ao longo do vial que comprende a porción correspondente a **FINCA SEGREGADA B de 30,30 m²**.
- Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

Enterados/os os/as Sres/as concelleiros/as do contido da corrección,

CONSIDERANDO o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, según o cal “Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.

A Xunta de Goberno Local, por delegación das competencias conferidas pola Alcaldía a través de Decreto de 1 de xullo de 2015, **acorda** por unanimidade dos seus membros aproba a proposta de corrección transcrita, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE CINCO PARCELAS CONTIGUAS SITAS NO LUGAR DE MARTÍN CO FIN DE DESTINALAS A ESPAZO PÚBLICO.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º Na data 07 de abril do 2017, o Alcalde dita Providencia na que pon de manifesto a pretensión do Concello de paliar a falta de espazo público no lugar de Martín, coa adquisición de cinco parcelas contiguas, coas seguintes referencias catastrais 15074A017001300000KS, 15074A017001310000KZ, 15074A017001320000KU, 15074A017001330000KH, e 15074A017001340000KW.

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda das fincas antes referidas, uníndose ao expediente o informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 15/03/2016.

2º Consta no expediente informe emitido na data 15 de marzo de 2016 polo arquitecto municipal, don Alberto Iglesias Fungueiriño, no que valora os inmobles que se pretenden adquirir do xeito que se recolle a continuación:

Valor final do conxunto das parcelas: 58.779,32 euros / 1.055 m2 totais: 55,715 euros/m2 de parcela en concreto.

Que trasladado a cada parcela en concreto e sobre a extensión superficial de cada unha delas, obteríamos o valor de cadansúa, a saber:

- | | |
|---|------------------------|
| 1.- 15074A017001300000KS. Superficie: 394 m2. | V: 21.951,71 €. |
| 2.- 15074A017001310000KZ. Superficie: 336 m2. | V: 18.720,24 €. |
| 3.- 15074A017001320000KU. Superficie: 145 m2. | V: 8.078,67 €. |
| 4.- 15074A017001330000KH. Superficie: 76 m2. | V: 4.234,34 €. |
| 5.- 15074A017001340000KW. Superficie: 104 m2. | V: 5.794,36 €. |

Total valor do conxunto das parcelas =	58.779,32 €
---	--------------------





3º Así mesmo, consta no expediente informe de idoneidade das parcelas, emitido polo arquitecto municipal na data 11/05/2017.

4º Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, recadouise a documentación referida a cada unha das parcelas: datos catastrais, títulos de propiedade e DNI dos titulares.

5º No mes de xuño do 2017, procédese a realizar a medición da finca coa referencia catastral 15074A017001320000KU, ao existir, en relación a esta parcela, unha diferenza de superficie superior ao 10% entre a superficie que consta no catastro (145 m2), e a superficie recollida no título de propiedade (80 m2), ao estar a finca inscrita no Rexistro da Propiedade, dando como resultado da medición a superficie de 119 m2, que é a que se debe ter en conta no expediente de compravenda.

6º Na data 05/09/2017, o interventor municipal emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o ano 2017 ascenden a 1.808.653,28 €.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporacións Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovible, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.





b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmobles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

A competencia para a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

Segundo.- No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, dos inmobles que se describen a continuación:

FINCA Nº 1:

Descrición: Finca denominada "AGRIÑOS DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 394 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, de herdeiros de Manuel Fernández Crujeiras; e Oeste, camiño.

Propietario: Francisco José Fernández Fernández, con DNI número 52457841Q, e domicilio no lugar de Martín, nº 27, Riveira.

Título: Perténcelle por herdanza da súa avoa, dona Josefa Fernández Crujeiras, segundo consta en escritura de "Partición de Herdanza e entrega de legado", autorizada pola Notario de Riveira, dona María Covadonga Vázquez López, na data 04/10/2012, co número 941 de protocolo.

Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Referencia catastral: 15074A017001300000KS.

Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.

Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.

FINCA Nº 2:

Descrición: Finca denominada "AGRIÑO DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 336 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, parcela propiedade de José Manuel Reiriz García





e Manuela Graña Martínez; e Oeste, parcela propiedade de Francisco José Fernández Fernández.

Propietario: *María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X, e domicilio na Avenida de Ferrol, nº 63, Santiago de Compostela.*

Título: *Perténcelle por herdanza do seu pai, don Manuel Fernández Crujeiras, segundo consta en testamento outorgado ante o Notario de Santiago de Compostela, don Manuel Peregil Cambón, o 23 de outubro de 2.000, co número 2.164 de protocolo.*

Inscrición: *Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*

Referencia Catastral: *15074A017001310000KZ.*

Clasificación do solo: *Solo de núcleo rural.*

Cargas: *Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.*

FINCA Nº 3:

Descrición: *Finca denominada "AGRIÑO", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 119 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, parcela propiedade de Antonio Suárez Paisal; e Oeste, parcela propiedade de María José Fernández Agrafojo.*

Propietario: *José Manuel Reiriz García, con DNI número 76489442-K, e domicilio no lugar de Martín, nº 26, Riveira, e Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, e mesmo domicilio que o anterior.*

Título: *Perténcelles por compravenda realizada en escritura autorizada polo Notario que foi de Riveira, don Jaime Romero Costas, o 18 de agosto do 1.998, co número 1.738, de protocolo.*

Inscrición: *Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 950, Libro 239, Folio 221, Finca 20.365.*

Referencia Catastral: *15074A017001320000KU.*

Clasificación do solo: *Solo de núcleo rural.*

Cargas: *Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.*

FINCA Nº 4:

Descrición: *Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 76 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, parcela propiedade de Manuela Graña Martínez; e Oeste, parcela propiedade de José Manuel Reiriz García e Manuela Graña Martínez.*





Propietario: Antonio Suárez Paisal, con DNI número 35386833-E, e domicilio no lugar de Martín, nº 1, Riveira.

Título: Perténcelle por herdanza da súa nai, dona Ramona Paisal Sieira, segundo consta no testamento autorizado polo Notario da Pobra do Caramiñal, don Gonzalo Freire Barral, o 05 de outubro do 2016, co número 1.167 de protocolo.

Inscripción: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Referencia Catastral: 15074A017001330000KH.

Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.

Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.

FINCA Nº 5:

Descrición: Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 104 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, estrada CP-7308 e camiño; e Oeste, parcela propiedade de Antonio Suárez Paisal.

Propietario: Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M e domicilio no lugar de Martín, nº 26, Riveira.

Título: Perténcelle por herdanza dos seus pais, don Juan Graña Regueira e dona Manuela Martínez Ramallo, segundo consta na Acta de notoriedade de declaración de herdeiros abintestato, autorizada na data 07/01/2014 polo Notario de Riveira, don Gonzalo Freire Barral, con número un de protocolo, e en documento privado de aceptación parcial de herdanza.

Inscripción: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Referencia Catastral: 15074A017001340000KW.

Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.

Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 15 de marzo de 2016 polo arquitecto municipal, no que se valoran os inmobles dos que se pretende a súa adquisición nun total de 58.779,32 €.

En informe emitido na data 05/09/2017, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.





Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmobles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. A estes efectos, o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, posibilita a adxudicación dos contratos mediante procedemento negociado (adxudicación directa) cando por razóns técnicas o contrato solo poida encomendarse a un empresario determinado (artigo 170 d). Por outra banda, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, dispón que: *"A adquisición terá lugar mediante concurso público, salvo que acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben."*

No presente caso, no informe emitido na data 11 de maio do 2017 polo arquitecto municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición: *"IDENTIFICACIÓN CATASTRAL E LOCALIZACIÓN. O conxunto das cinco parcelas contiguas entre si e que conforman un conxunto definido polo viario que as rodea e delimita, emprázanse no lugar de Martín, parroquia de Riveira. Casa unha das parcelas ten asignada e seguinte referencia catastral e a correspondente superficie, que ven asignada na ficha de catastro e incluídas no polígono 14 de urbana:*


1. 15074A017001300000KS. Superficie 394 m2.
2. 15074A017001310000KZ. Superficie 336 m2.
3. 15074A017001320000KU. Superficie 145 m2.
4. 15074A017001330000KH. Superficie 76 m2.
5. 15074A017001340000KW. Superficie 104 m2.

O conxunto das parcelas arrojan unha superficie total de 1.055 m2, conformando unha unidade delimitada en todo o seu perímetro por viario público, tal e como se pode apreciar na fotografía aérea que se adxunta. DOC ANEXO Nº 1.

Esta unidade parcelaria atópase no medio da aldea e está vacante de edificación.

SITUACIÓN URBANÍSTICA, COMPATIBILIDADE E IDONEIDADE PARA O FIN A QUE SE PRETENDE DESTINAR.

De acordo coa ordenación operada polo PXOM de Riveira o conxunto das cinco parcelas aséntase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza SNR-B. O uso característico é o de vivenda unifamiliar. Toda vez que a ordenanza tamén permite o uso dotacional, e a xuízo deste técnico, o uso pretendido é compatible de cara a destinar este conxunto de parcelas para o espacemento da poboación, e resultando tanto a súa propia xeometría e a localización idóneas para o servizo que se lles pretende dar."; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.





O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 05/09/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Adquirir as parcelas referidas a continuación:

1. *Finca denominada "AGRIÑOS DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 394 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 1, coa referencia catastral 15074A017001300000KS, propiedade de Francisco José Fernández Fernández, con DNI número 52457841Q, polo prezo de 21.951,71 €.*
2. *Finca denominada "AGRIÑO DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 336 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 2, coa referencia catastral 15074A017001310000KZ, propiedade de María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X, polo prezo de 18.720,24 €.*
3. *Finca denominada "AGRIÑO", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 119 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 3, coa referencia catastral 15074A017001320000KU, propiedade de José Manuel Reiriz García, con DNI número 76489442-K e Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, polo prezo de 6.630,085 €.*
4. *Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 76 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 4, coa referencia catastral 15074A017001330000KH, propiedade de Antonio Suárez Paisal, con DNI número 35386833-E, polo prezo de 4.234,34 €.*
5. *Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 104 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 5, coa referencia catastral 15074A017001340000KW, propiedade de Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, polo prezo de 5.794,36 €.*





O que fai un total polas cinco fincas de 57.330,73 euros, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura das escrituras públicas de compravenda.

Segundo.- O fin da adquisición destas parcelas é a creación dun espazo público no lugar de Martín, parroquia e municipio de Riveira.

Terceiro.- As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

Cuarto.- Incluír os inmobles adquiridos no Inventario de Bens do Concello e proceder á súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

Sexto.- Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

Sétimo.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

RESOLUCIÓN SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS: EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DUN/DUNHA DINAMIZADOR/A MUSEO PERTENCENTE Á UNIDADE DE EXPOSICIÓNS E MUSEOS DO DEPARTAMENTO DE CULTURA DO CONCELLO DE RIVEIRA.

En relación ao expediente de referencia, e con base aos seguintes:

FEITOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 13/07/2017, acordou aprobar as bases para a contratación dun/dunha DINAMIZADOR DE MUSEO pertencente á unidade de exposicións e museos do departamento de cultura do Concello de Riveira.

As referidas bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira, na súa páxina web e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 140 do 26/07/2017.

Segundo.- No ANEXO II: TEMARIO das referidas Bases advírtese erro no enunciado do Tema 14 da Parte Xeral.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Así o dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso que nos ocupa, advírtese erro no enunciado do Tema 14 da Parte Xeral das referidas Bases de selección, o que se considera un erro material que pode rectificarse en calquera momento, xa que non afecta ao contido xurídico do acto administrativo, nin á súa supervivencia, contido e substantividade.

Polo exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 31/08/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Que se proceda a efectuar a oportuna corrección dos erros existentes no referido acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/07/2017, polo que **Onde di:**

*“ANEXO II: TEMARIO. A) PARTE XERAL (...) TEMA 14.- A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario”, **debe dicir:***

“ANEXO II: TEMARIO. A) PARTE XERAL (...) TEMA 14.- A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario.”

Segundo.- Que se proceda á súa publicación nos medios oficiais correspondentes.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 7 de setembro de 2017.

O Presidente da sesión



M^a Herminia Pouso Maneiro

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle